



Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este ayuntamiento, por el plazo de quince días hábiles -que comenzará a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia-, a fin de que durante este puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al alcalde-presidente de la Corporación.

Parada de Sil, 14 de abril de 2014. El alcalde.

R. 1.523

Sandiás

Edicto

Ao non presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Sandiás sobre imposición da taxa por licenzas urbanísticas ou comunicacións previas, así como a Ordenanza fiscal reguladora desta, cuxo texto íntegro se publica en cumprimento do artigo 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1.- Aprobar provisionalmente a nova Ordenanza da taxa por licenzas urbanísticas ou comunicacións previas, figurando o seu texto anexo á memoria da Alcaldía que forma parte do expediente, conforme co disposto no artigo 15.1 da citada lei.

O seu texto transcribíase como anexo do presente acordo.

2.- Expoñer ao público o presente acordo e a Ordenanza fiscal, tal como preceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionada lei.

3.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentaran reclamacións na súa contra e continuar o expediente ata o seu remate de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 da repetida lei.

4.- A modificación da referida Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación BOP e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa, quedando derogada a anterior Ordenanza reguladora da taxa por licenzas urbanísticas.

Anexo

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas ou comunicacións previas

Artigo 1º.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación cos artigos 20 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este concello establece a taxa por prestación de servizos urbanísticos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire a normativa urbanística e do solo se axustan ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada normativa, independentemente de que os ditos actos estean suxeitos a licenza ou declaración responsable ou comunicación previa. En concreto, e sen que a enumeración teña carácter limitativo, quedan englobados no feito imponible da presente taxa os seguintes servizos urbanísticos:

- Tramitación de licenzas de parcelamento.
- Sinalamento de aliñacións e rasantes.

c) Tramitación de licenzas de obras ou instalacións, ou comunicacións previas ou declaracións responsables.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunden as prestacións ás que se refire a presente ordenanza.

2. Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou comunicacións previas previstas na normativa sobre solo e ordenación urbana, os construtores e contratistas de obras.

Artigo 4º. Responsables

1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5º. Bases, tipos de gravame e cota

Constitúe a base imponible da taxa:

a) O custo real efectivo da obra civil, cando sexan movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e da modificación do seu uso.

c) O valor que teñan determinados os terreos e as construcións para o efecto do imposto sobre bens inmobles, cando se trate de parcelamentos urbanos e de demolición de construcións.

Para a determinación da base teranse en conta aqueles supostos en que esta estea en función do custo real das obras ou instalacións, o orzamento que figure no proxecto correspondente.

O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo da liquidación municipal que se practique á vista da declaración do interesado e a comprobación que se realice da inicial, todo iso con referencia ás obras efectivamente realizadas e á súa valoración real.

As cotas tributarias que procede aboar polas taxas correspondentes a cada un dos servizos urbanísticos especificados no artigo 2º determinaranse mediante a aplicación do seguinte cadro de tarifas:

A cota tributaria:

a) A cota tributaria nas obras maiores resultará de aplicarlle á base imponible o 0,20%

b) A cota tributaria nas obras menores será de 18,00 €.

c) A cota tributaria nos expedientes de licenza ou comunicación previa de explotacións mineiras será de 6.000,00 €.

No caso de que o solicitante formule desistencia antes da concesión da licenza ou desistira da realización da obra ou uso de solo suxeito a comunicación previa, as cotas que deberán liquidarse serán o 50% das que se sinalen no número anterior, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.

Artigo 6º. Exencións e bonificacións

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 7º. Devindicación

Devindicase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na

data de presentación da oportuna solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 8º. Normas de xestión

1. As taxas por prestación de servizos urbanísticos esixiranse en réxime de autoliquidación, cando se realice o pedimento do interesado e, no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración municipal.

2. No primeiro caso, os suxeitos pasivos están obrigados a practicar a autoliquidación mediante a cubrición dos impresos establecidos para o efecto, que se realizará xunto co ICIO, e realizar o seu ingreso en calquera entidade bancaria autorizada, o cal se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude ou comunicación previa, que non se tramitará ata constar a dita circunstancia.

3. Cando os servizos municipais comproben que se realizou unha construción ou obra sen obter a licenza preceptiva previa ou realizar a correspondente comunicación previa, considerárase o acto de comprobación como a iniciación do trámite desta última, con obriga do suxeito pasivo de aboar a taxa establecida.

4. O pagamento da autoliquidación presentada polo interesado ou da liquidación inicial notificada pola Administración municipal terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que proceda.

5. A cota da taxa para aboar será a que resulte da aplicación da suma das tarifas correspondentes a cada unha das actuacións autorizadas ou comunicadas segundo esta ordenanza, iniciárase a tramitación de oficio ou a solicitude do suxeito pasivo.

6. Unha vez devindicada a taxa, non se verá afectada en modo ningún pola denegación da licenza solicitada, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante con posterioridade á súa concesión.

No suposto de que o interesado desista da petición formulada antes de que se dite a oportuna resolución ou de que se complete a actividade municipal requirida, reducirase a cantidade para aboar ao 50 por 100 da cota tributaria.

Entenderase que o interesado desistiu da súa solicitude, aínda que non o fixera expresamente, cando non achegue en prazo a documentación que necesariamente debe acompañar a aquela que lle fora requirida pola Administración municipal, así como en todos aqueles casos nos que teña que ser arquivado o expediente por deficiencias na actuación do dito interesado.

Artigo 9º. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo ás infraccións tributarias e á súa cualificación, así como ás sancións que a estas corresponden, aplicáranse as normas da Ordenanza fiscal xeral, de conformidade coa lexislación xeral tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto na Lei 7/1985. Unha vez que entre en vigor quedará derrogada a ordenanza anterior do Concello de Sandiás, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e a ordenación urbana. Estará vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, conforme co artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Sandiás, 7 de abril de 2014. A alcaldesa.

Edicto

Al no haberse presentado reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario provisional del Ayuntamiento de Sandiás sobre imposición de la tasa por licencias urbanísticas o comunicaciones previas, así como la Ordenanza Fiscal Reguladora de esta, cuyo texto íntegro se publica en cumplimiento del artículo 17.4 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

1.- Aprobado provisionalmente la nueva Ordenanza de la Tasa por Licencias Urbanísticas o Comunicaciones Previas, figurando su texto anexo a la memoria de la Alcaldía que forma parte del expediente, conforme con lo dispuesto en el artículo 15.1 de la citada ley.

Su texto se transcribe como anexo del presente acuerdo.

2.- Exponer al público el presente acuerdo y la Ordenanza Fiscal, tal como preceptúa el artículo 17.1 y 2 de la mencionada ley.

3.- Elevar a definitivo este acuerdo si no se presentaran reclamaciones en su contra y continuar el expediente hasta su remate de acuerdo con el procedimiento previsto en el artículo 17.4 y 5 de la repetida ley.

4.- La modificación de la referida Ordenanza Fiscal entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el BOP y permanecerá vigente hasta su modificación o derogación expresa, quedando derogada la anterior Ordenanza Reguladora de la Tasa por Licencias Urbanísticas.

Anexo

Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Licencias Urbanísticas o Comunicaciones Previas

Artículo 1º.

En uso de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución y 106 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 15 a 19, en relación con los artículos 20 y siguientes del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este ayuntamiento establece la tasa por prestación de servicios urbanísticos, que se regirá por la presente Ordenanza Fiscal.

Artículo 2º. Hecho imponible

Constituye el hecho imponible de la tasa la actividad municipal, técnica y administrativa, tendente a verificar si los actos de edificación y uso del suelo a que se refiere la normativa urbanística y del suelo se ajustan a las normas urbanísticas, de edificación y policía previstas en la citada normativa, independientemente de que dichos actos estén sujetos a licencia o declaración responsable o comunicación previa. En concreto, y sin que la enumeración tenga carácter limitativo, quedan englobados en el hecho imponible de la presente tasa los siguientes servicios urbanísticos:

- a) Tramitación de licencias de parcelación.
- b) Señalización de alineaciones y rasantes.
- c) Tramitación de licencias de obras o instalaciones, o comunicaciones previas o declaraciones responsables.

Artículo 3º. Sujeto pasivo

1. *Son sujetos pasivos de la tasa en concepto de contribuyentes las personas físicas y jurídicas, así como las entidades a las que se refiere el artículo 35.4 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, que soliciten, provoquen o en cuyo interés redunden las prestaciones a las que se refiere la presente ordenanza.*